

XUNTA DE GALICIA

Proxecto Educativo de Centro

CEIP Refoxos

Contidos

INTRODUCCIÓN - MARCO LEGAL.....	3
ESTUDO E ANALISE CO CONTEXTO ESCOLAR. ONDE ESTAMOS?	3
TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA. QUEN SOMOS?	9
OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO QUE PRETENDEMOS?.....	11
Ámbito alumnado:.....	11
Ámbito mestres	12
Ámbito familias.....	13
Ámbito entorno	13
ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO COMO NOS ORGANIZAMOS?.....	14
Órganos de goberno	14
Órganos de Coordinación Docente	15
Plan de actuación	16
EDUCACION INFANTIL.....	18
Organización do período de adaptación do alumnado de 3 anos.....	18
Estratexias metodolóxicas na aula e en casa	20
Temporalización	20
Distribución do horario escolar e incorporación paulatina do alumnado:	21
EDUCACION PRIMARIA.....	21
VALORES OU RELIXIÓN.....	26
CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	26
Ed. Infantil.....	26
Ed. Primaria	26
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	27
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E CO ENTORNO	28
DOCUMENTOS DE REFERENCIA.....	29
AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC.	29

INTRODUCCIÓN - MARCO LEGAL

Na LOMCE, e na LOE, texto consolidado, no artigo 21 establécese que os centros deben elaborar un proxecto educativo de Centro seguindo estas disposicións:

A Dirección elaborará o PEC partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro.

Os apartados que se incluírán no PEC serán os seguintes:

- Obxectivos do centro
- Fins e intencións educativas
- Oferta educativa
- Organización xeral
- Relacións coas familias e institucións
- Documentos de referencia do Centro

O Consello Escolar avaliará e dará o visto e praxe ao PEC

A inspección educativa supervisará o PEC, comprobando a súa adecuación ao establecido na lexislación vixente.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no último epígrafe.


ESTUDO E ANALISE CO CONTEXTO ESCOLAR. ONDE ESTAMOS?

1.1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

O CEIP de Refoxos é un colexio rural que está situado no lugar de Refoxos, na parroquia de Loureza, pertencente ao concello de Oia e a nosa área de influencia abarca as dúas parroquias do interior de dito concello: Loureza (Mabia, Santa Comba, Acevedo, Novo Barrio, Loureza, Refoxos) e Burgueira (Eidos de Arriba, Torroña, Eidos de Abaixo, Viso, Vilariño, Bonaval, Outeiro, Burgueira)


Código do Centro	36016735
C.I.F	Q8655445H
Teléfonos	986 35 91 68 / 686 74 33 08
web	http://www.edu.xunta.es/centros/ceipderefoxos/

1.2. ESTRUCTURA



C.E.I.P. "REFOXOS" - Lourenza - OIA

PLANTA BAJA



1.3. EQUIPAMENTO

PLANTA ALTA
escala 1:100

C.E.I.P. "REFOXOS" - Lourenza - OIA

En consecuencia coa filosofía do Centro no referente as Tic no ensino, seguiremos a traballar e a facer as xestións precisas para dotar ao noso Centro dos mellores recursos audiovisuais, informáticos e tecnolóxicos posibles, que favorezan o traballo nas aulas, sirvan de apoio o labor educativo e permitan a participación activa do noso Centro na rede das novas tecnoloxías

1.4. CENTRO DE ADSCRIPCIÓN

O colexio está adscrito ao Centro Público Integrado de EP e ESO Manuel Suárez Marquier do Rosal, no que o noso alumnado cursarán a Ensinanza Secundaria Obrigatoria.

6

1.5. HORARIO E OFERTA EDUCATIVA

Xornada

- Horario lectivo de 9:00 a 14:00 horas
- Permanencia do profesorado:
 - Atención ao alumnado transportado: De 08:45 a 09:00 h e de 14:00 a 14:15 h.
 - Martes de 15:00 a 17:30 h.

Horario

1ª Sesión	9:00 – 09:50
2ª Sesión	09:50 – 10:40
3ª Sesión	10:40 – 11:30
Recreo	11:30 – 12:00
Lectura	12:00 – 12:20
4ª Sesión	12:20 – 13:10
5ª Sesión	13:10 – 14:00

Atención ás familias

- Profesorado: Martes de 16:30 a 17:30 h. (Previa Cita)

- Dirección: De martes a venres de 13:00 a 14:00 h. Martes de 16:30 a 17:30 h.
- Orientadora: Mércores de 9 a 14h (Previa Cita)

As actividades complementarias ofertadas polo Centro figuran anualmente detalladas na P.X.A e oriéntanse fundamentalmente a :

- Saídas
- Obradoiros.
- Visitas museos
- Visitas didácticas
- Exposicións

7

Outras actividades extraescolares que oferta o centro están realizadas en colaboración coa ANPA :Plástica e Baile

Estas actividades poderán ser modificadas anualmente segundo a demanda ou as posibilidades de organización e figurarán na PXA correspondente

1.6. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

1.6.1. USO DA INFOBIBLIOTECA Funcionará como biblioteca e aula de Informática. Será o lugar de arquivo de todo o material bibliográfico, de audio e vídeo do colexio. O alumnado e profesorado respectarán en todo momento as normas de funcionamento establecidas. Toda a documentación da biblioteca estará rexistrada en soporte informático (Meiga). Non se permitirá retirar ningún material sen o preceptivo rexistro informático. Cada grupo de alumnas/os, como mínimo, terá asignada unha hora semanal de préstamo dos fondos da biblioteca e outra de informática. Existirán ademais horas libres para utilizar segundo sexa necesario por calquera grupo.

Cada titor/a será responsable do seu grupo e velará porque o material se deixe no lugar correspondente e asegurarse de que utilización dos medios informáticos sexa a adecuada.

Ao principio de curso asignarase un mestre ou mestra a cada unha das áreas (Biblioteca e TIC) facéndose estes responsables da actualización dos correspondentes plans de dinamización que serán incluídos na PXA e de realizar as memorias de actividades no mes de xuño.

1.6.2. AULA DE PLÁSTICA: Poderá ser utilizada para a realización de actividades extraescolares contando coa autorización da Dirección pero en ningún caso o material de dita aula poderá ser utilizado por persoas alleas ao centro. As persoas que a utilicen serán responsables da vixilancia do alumnado, do bo uso da mesma e inclusive dos deterioros ocasionados se así fose o caso.

1.6.3. PATIO CUBERTO: Poderá ser utilizado para a realización de actividades extraescolares previa autorización da Dirección pero en ningún caso o material de E. Física poderá ser utilizado por persoas alleas ao centro. Os organismos e persoas que o utilicen, respectarán en todo momento as normas e faranse responsables do bo uso do mesmo, inclusive dos deterioros ocasionados.

1.6.4. PATIO EXTERIOR E PISTA POLIDEPORTIVA: Só poderán ser utilizados por persoal do centro. As persoas alleas ao centro que queiran utilizalos deberán solicitalo por escrito á Dirección respectando en todo momento as normas, facéndose responsable do bo uso das instalacións e materiais, inclusive dos deterioros ocasionados.

1.7. PERSOAL DOCENTE

A equipa docente está composta por 5 mestres/as: 4 especialistas (Inglés, E. Musical, Ed. Física e Ed. Infantil) e 1 xeralista en comisión de servizos que non ocupa praza.

A maioría do profesorado destinado no centro na actualidade está en situación de destino definitivo, ofrecendo unha perspectiva de estabilidade e continuidade.

1.8. TRANSPORTE ESCOLAR

A empresa responsable do transporte no centro é ATSA e existen en funcionamento 2 rutas. A dirección, xunto co profesorado, seguindo a lexislación vixente, coordinará e organizará a recepción do alumnado usuario de transporte escolar (desde a chegada dos autocares ata a hora de entrada nas aulas) e a saída (desde o remate da xornada escolar ata que son atendidos polas acompañantes de transporte).

TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA. QUEN SOMOS?

1.9. SINAIS DE IDENTIDADE

Partindo de que a educación é un dereito fundamental, dende o C.E.I.P. Refoxos traballamos cuns compromisos que concretamos dentro do seguinte marco educativo:

QUEREMOS UNHA ESCOLA:

PLURAL Renunciamos dende a escola a todo tipo de sectarismo declarándonos esencialmente respectuosos co dereito á liberdade de pensamento, ideas e opinións que sexan compatibles coa Declaración dos Dereitos Humanos.

INTEGRADORA Unha escola para a igualdade e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas ou morais, orientación sexual, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.

ACONFESIONAL O Centro como Comunidade Educativa non ten carácter confesional e debe garantir polo tanto unha educación baseada no respecto e tolerancia das crenzas individuais dos seus membros.

COMPROMETIDA COA CONVIVENCIA Escola comprometida coa formación para a paz, que rexeita a violencia, esixente no respecto á dignidade e integridade dos membros da Comunidade escolar. O noso alumnado formarase para a resolución pacífica de conflitos, para a xustiza e para a liberdade.

DEMOCRÁTICA Considerando o Colexio como espazo para a convivencia desenvolveranse en xeral os valores democráticos: participación, responsabilidade, diálogo permanente... de xeito que o noso alumnado experimente un modelo democrático de convivencia.

NON SEXISTA O Centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola coeducación, ou educación na igualdade de sexos.

GLOBALIZADORA A escola mirará cara ao futuro, transmitindo os valores que incidan no desenvolvemento integral da persoa. Atenderemos tanto a formación académica coma a formación persoal e o desenvolvemento da capacidade crítica.

RELACIONADA COA CONTORNA Consideramos fundamental que a escola estea integrada na contorna, valorando positivamente as oportunidades e as colaboracións que nos ofrece, establecendo unha relación de cooperación e respecto mutuo.

1.10. LINGUAS DO CENTRO

No aspecto lingüístico a comarca é galego falante nun 99%, e os alumnos/as falan tanto a nivel familiar como veciñal ou no colexio en galego.

Respectarase a lexislación e normativa vixentes recoñecendo ó dereito de cada membro da Comunidade Escolar a utilizar calquera das linguas oficiais. Debido á súa relación e integración na contorna o centro avogará pola normalización lingüística nas relacións entre os diferentes membros da Comunidade e no plano administrativo. Ao remate da escolarización, o alumnado terá adquirida unha competencia axeitada nas dúas linguas.

Considerando ademais que a nosa lingua é un sinal fundamental da nosa identidade, o Centro favorecerá o coñecemento e uso da lingua galega e a formación do alumnado en tódolos eidos da nosa cultura: literatura, historia, arte, música, xeografía, costumes, tradicións, e outros aspectos sociolóxicos relevantes. Traballaremos na procura de integrar a toda a Comunidade Educativa na contorna e na realidade galega.

A lingua inglesa será impartida segundo a lexislación vixente na Ed. Infantil e na Ed. Primaria.

1.11. LIÑA METODOLÓXICA

Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no diálogo e a reflexión. Partiremos dunha avaliación inicial dos contidos que nos permitan axustar o proceso aos diferentes niveis do alumnado.

Adaptaremos a nosa práctica docente aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe, flexibilizando na medida do posible os tempos escolares, coa finalidade de atender á diversidade do alumnado e facilitar a participación dos nenos e nenas en actividades complementarias.

Consideramos ao alumnado centro da tarefa educativa, suxeito e protagonista da súa propia formación e membro activo da comunidade.

Procuraremos un ensino globalizado, tratando os contidos das distintas áreas do coñecemento de forma interrelacionada a fin de impulsar a comprensión, a motivación e a funcionalidade das aprendizaxes.

Concibiremos a biblioteca escolar como gran centro de recursos, un espazo dinámico que favoreza a construción do coñecemento e estímulo enriquecedor da actividade na aula. Será a ferramenta que serva de unión para a participación de todo o profesorado en diferentes programas e proxectos comúns.

O Centro aposta decididamente pola actualización dos seus recursos, en especial os recursos TIC (tecnoloxías da información e da comunicación) como ferramentas integradoras do coñecemento e formadoras da competencia dixital que demandan os novos tempos. A formación e actualización do profesorado é clave neste aspecto, polo que será preciso promovela e fomentala.

Como Escola entendemos que o respecto, a organización, a orde, a atención, a escoita activa e o esforzo son indispensables para o pleno desenvolvemento da vida escolar. O Centro aposta polo traballo en equipo e a coordinación interna dos seus membros, así como co centro ao que está adscrito, co fin de coordinar os aprendizaxes e contidos cos de outros niveis educativos.

Apostamos por unha Escola aberta, rica en aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as saídas á contorna e as saídas culturais. Unha escola integrada no medio que dea e reciba, capaz de relacionarse positivamente con toda a comunidade (pais, organizacións culturais, concello...), tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan.

OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO QUE PRETENDEMOS?

Ámbito alumnado:

- Fomentar valores solidarios e non individualistas, respectando os principios de tolerancia.
- Aceptar e respectar as diferenzas individuais e potenciar a coeducación favorecendo un trato igualitario entre todos/as.
- Realizar actividades colectivas para favorecer a socialización e a colaboración.
- Valorar o esforzo propio do alumnado en función das súas capacidades.
- Concienciar ó alumnado da necesidade de adquirir hábitos de hixiene, orde e limpeza, tanto no ámbito escolar como familiar e social.
- Potenciar a aprendizaxe do castelán como idioma preciso para a resolución de distintas e futuras situacións sociais.

- Revalorizar o uso do galego como lingua propia e medio de expresión habitual.
- Potenciar a concienciación da importancia da lingua galega como feito cultural e de comunicación verbal e escrita, con plenas capacidades e equiparable a calquera outra lingua.
- Potenciar a concienciación do respecto pola natureza (coidala, respectala, valorala, melloralala...), todo isto derivado da circunstancia de que os escolares do centro viven en íntimo contacto con ela.
- Potenciar a educación persoal (mellora do individuo como persoa, valores cívicos). Elevar o nivel de coñecementos e mellorar o nivel cultural.
- Potenciar as capacidades individuais dos alumnos/as cara a futuros estudos axudando, mediante unha adecuada información, ó descubrimento das propias aptitudes intelectuais, manuais, técnicas ou artísticas.

Ámbito mestres

- Promover un clima de convivencia adecuado para o desenvolvemento do labor educativo.
- Apoiar as iniciativas tendentes á consecución de tódolos demais obxectivos propostos.
- Potenciar a coordinación tanto vertical como horizontal entre:
 - Mestres/as que inciden no mesmo nivel.
 - Mestres/as da mesma área de coñecemento ó longo de tódolos niveis coa fin de acadar o correcto desenvolvemento dos proxectos curriculares.

- Potenciar a relación mestres/as cos pais/nais, tendo en conta as características propias do alumnado derivadas do entorno social do que procede (poboación dispersa, emigración, dificultades de acceso a feitos culturais, educativos....).

Ámbito familias

13

- Respeitar as aportacións das familias na tarefa educativa do centro.
- Recoñecer o dereito de participación dos pais e nais na vida do centro, de conformidade co disposto na lexislación vixente, a través dos seus representantes no Consello Escolar.
- Potenciar a participación dos nais/pais nas actividades complementarias e extraescolares.
- Ter presentes os condicionantes sociais e familiares para a orientación escolar do alumnado.
- Considerar as situacións especiais das familias para compensar carencias de tipo familiar, económico e sociocultural.
- Manter unha comunicación fluída coas familias para pedir ou dar información por medio das respectivas titorías.

Ámbito entorno

- Potenciar a comunicación coas entidades socioculturais e administrativas do entorno escolar: Concello, Comunidades de Montes, A.N.P.A.
- Establecer contactos regulamentados co centro de secundaria ao que está adscrito o noso colexio (CPI “Manuel Suárez Marquier” do Rosal), para coordinar unha liña de actuación pedagóxica.

- Contemplan a posibilidade de intercambios culturais ou vivenciais con outros centros escolares.

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO COMO NOS ORGANIZAMOS?

Órganos de goberno

ORGANOS COLEXIADOS:

CLAUSTRO DE PROFESORES: É o órgano pedagóxico supremo do Centro, a súa composición e competencias veñen recollidas no capítulo III, sección 2ª, artigos 128 e 129 da L.O.E. (Texto consolidado)

A frecuencia das xuntanzas será trimestral, co fin de informar e acordar aqueles aspectos educativos nos que consideramos necesarios a aprobación e o consenso. Cando os aspectos a debater sexan relevantes e co fin de axilizar ao máximo as xuntanzas facilitarase o acceso a toda a información dispoñible sobre a orde do día. Intentarase buscar o maior índice de consenso nas decisións que se tomen así como no cumprimento das mesmas.

CONSELLO ESCOLAR: É o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición e competencias veñen recollidas no capítulo III, artigos 37 e 43 e no capítulo III, sección 1ª, artigos 126 e 127 da L.O.E. (Texto consolidado)

As competencias do Consello Escolar, artigo 127, deben entenderse como complementarias, nunca antagónicas, coas propias do Claustro de Profesores e das dos órganos unipersoais de goberno.

O Consello Escolar reunirase sempre que haxa temas que tratar e polo menos unha vez ao trimestre. Todas as xuntanzas celebraranse fóra do horario lectivo e en horas nas que tódolos membros poidan asistir.

Nas xuntanzas ordinarias a dirección remitiralles aos membros do órgano colexiado, xunto coa convocatoria, e cunha antelación suficiente, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión. Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias.

As decisións do pleno e das comisións do Consello Escolar adoptaranse por maioría simple dos presentes, a excepción dos casos contemplados na lexislación vixente. A presidencia dirimirá o empate co seu voto de calidade

ÓRGANOS UNIPERSOAIS:

A DIRECIÓN: A normativa referida ao Equipo Directivo recóllese no capítulo IV, artigos 131 ao 139 da L.O.E. (Texto consolidado), e na LOMCE. No artigo 132 enuméranse as competencias do Director /a. Programa de Dirección:

- Cumprir e fará cumprir a lexislación vixente
- Favorecer un clima de traballo grato e respectuoso entre toda a comunidade escolar e coas institucións.
 - Fomentar o traballo coordinado e en equipo
 - Potenciar a implicación de toda a comunidade educativa no bo funcionamento do centro
 - Coordinar as tarefas dos diferentes equipos.
 - Gardando a legalidade vixente consideramos básico que a toma de decisións sexa compartida cos diferentes órganos do Centro (Consello escolar e ,Claustro) co fin de chegar na medida do posible a acordos e consensos.
 - Procuramos a transparencia informativa de todas aquelas cuestións que afectan a toda a Comunidade Escolar.
 - Dar pulo a proxectos e traballos creativos en calquera ámbito da vida do centro tanto a nivel colectivo como individual.
 - Potenciar as actividades encamiñadas ao perfeccionamento profesional.
 - Comunicación directa con todos os membros da Comunidade Educativa.

Órganos de Coordinación Docente

Comisión de Coordinación Titorial

Este centro establecerá como órgano de coordinación a Comisión de Coordinación Titorial que estará composta por todo o profesorado co fin de facilitar a integración de todos os ámbitos de traballo do profesorado.

Normalmente reunirase cunha periodicidade semanal, podendo ter variacións debido a necesidades educativas puntuais.

Analizaranse e debateranse todas as propostas referidas a programación, actividades complementarias ou extraescolares no seu caso, conmemoracións, avaliacións, criterios de avaliación, adecuación de libros de texto, atención á diversidade, co fin de tomar as decisións educativas oportunas. Todas as decisións deberán ser acadadas con consenso e asumidas por todo o profesorado. Buscarase sempre a mellor coordinación posible e o traballo en equipo.

Dentro da comisión nomearase un dinamizador para cada un dos seguintes ámbitos organizativos:

- Actividades complementarias e extraescolares.
- Biblioteca e Normalización.
- TIC
- Convivencia.
- Ecoproxecto.

As competencias dos Equipos de normalización lingüística e de Actividades complementarias e extraescolares e as dos seus coordinadores/as veñen reguladas no Regulamento Orgánico das escolas de Ed. Infantil e dos colexios de Ed. Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro. D.O.G 21/10/1996) e na Orde do 22 de xullo de 1997 (D.O.G. 2 de setembro de 1997). As funcións dos equipos de dinamización veñen reguladas na Orde do 17 de xullo de 2007 (D.O.G. 24 de xullo de 2007)

Departamento de orientación

O departamento de Orientación colabora co Equipo Directivo no deseño de accións educativas e toma de decisións así como na relación coas familias do alumnado e.

A súa función será a de dedicarse ao estudo, análise e avaliación de todo o alumnado e participará nunha xuntanza da CCT ao mes co fin de facer o seu seguimento e ter unha sesión de coordinación con todo o Claustro

Unha vez á semana reunirase co mestre/a de AL co fin de pautar prioridades e dinámicas de intervención adecuadas a cada alumno/a.

Plan de actuación

Xuntanzas

- **Claustro:** Planificará, coordinará e decidirá sobre os aspectos docentes. Celebrará, polo menos, unha xuntanza trimestral e sempre que a marcha do centro así o demande. As xuntanzas do Claustro de Profesores serán preferentemente os martes pola tarde.
- **Consello Escolar:** Como órgano de participación dos distintos sectores da comunidade escolar, reunirse sempre que o centro así o precise e, polo menos, unha vez ó inicio e outra ó remate do curso. A celebración dos Consellos Escolares será, na medida do posible, os martes pola tarde.
- **Comisión de Coordinación Titorial (CCT):** Reunirse todos os martes pola tarde e os temas a tratar distribuiranse no mes da seguinte maneira:

1º Martes	2º Martes	3º Martes	4º Martes
Coordinación Titorías	Orientación	Biblioteca	TIC

O plan de actuación inclúe tamén todas aquelas outras xuntanzas extraordinarias que sexan necesarias ao longo do curso.

Actividades

- Revisión da metodoloxía e avaliación.
- Revisión e adecuación dos obxectivos e contidos mínimos de área e nivel.
- Actualización dos plans de: Convivencia, TIC e Dinamización da Infobiblioteca e Normalización.
- Planificación de actividades culturais e de animación á lectura.

- Planificación de saídas didácticas.
- Seguimento do alumnado con NEAE.

EDUCACION INFANTIL

Atendendo á normativa vixente impartiranse as áreas de: coñecemento e autonomía persoal, coñecemento do entorno, linguaxes, comunicación e representación, lingua inglesa, valores e a súa alternativa relixión.

De entre os numerosos obxectivos de Ed. Infantil centrarémonos dende o principio en que o alumnado, na medida das súas posibilidades e de forma progresiva: descubra, coñeza e controle o seu propio corpo formando unha imaxe positiva, que adquira hábitos básicos de saúde e benestar, que respecte a diversidade, tamén se fomentará o desenvolvemento de actitudes de axuda e colaboración, o desenvolvemento das súas capacidades de iniciativa e creatividade, o emprego da linguaxe verbal de forma correcta e axustada á súa idade como medio de expresión dos seus sentimentos, ideas, desexos , experiencias...

Organización do período de adaptación do alumnado de 3 anos

O período de adaptación é o tempo que transcorre desde que o neno/a chega por primeira vez á escola ata que xa se desenvolve con normalidade dentro dela.

Desde o punto de vista pedagóxico, adquire gran importancia a separación do fogar que o neno vai vivir ao incorporarse á escola, polo que consideramos fundamental o período de adaptación, xa que a súa actitude ante a escola, ante as relacións sociais, ante as aprendizaxes ao longo de toda a escolarización, vai depender de como asimile este proceso, positiva ou negativamente.

De aí a necesidade de organizar un adecuado período de adaptación para que a entrada na escola por vez primeira sexa o menos traumática posible, xa que nalgúns casos é a primeira separación que se produce entre o neno e a familia.

No devandito período é moi necesaria a colaboración das familias, xa que a adaptación do seu fillo ou filla vén determinado, en gran medida, porque asuman a separación; os seus temores, expectativas, a súa ansiedade, a súa seguridade ou inseguridade, e o seu grao de confianza nas posibilidades do neno e nas garantías do centro, xa que todos os seus temores poden ser transmitidos a través de diversas manifestacións e á súa vez captados polos/as seus/súas fillos/as.

A escola supón unha oportunidade para crecer e madurar, para afirmarse na súa propia identidade e iniciar, deste xeito, o coñecemento e a adaptación ao mundo exterior.

O/A neno/a ten que ser capaz de asimilar os cambios que supón esta nova actividade na súa vida cotiá e por tanto é normal que se presente como un proceso irregular onde poderemos observar avances, retrocesos e sentimentos contraditorios de aceptación e rexeitamento. Igualmente poden aparecer regresións e síntomas diversos.

Para que este proceso se leve a cabo de maneira adecuada é importante manter unha actitude aberta e receptiva, atendendo aos distintos ritmos dos/as nenos/as. Procuraremos manter unha atención individualizada, reforzando a confianza do/a neno/a en se mesmo e potenciando a súa autoestima de modo que progresivamente vaia adquirindo seguridade nas súas propias capacidades e na contorna que lle rodea.

Obxectivos:

- Coñecer algúns espazos do centro, tanto interiores como exteriores (aula, aseos, biblioteca, zona azul, patio).
- Coñecer o nome da súa mestra e o dalgún compañeiro/a.
- Adquirir progresivamente certos hábitos.

- Familiarizarse con materiais e actividades cotiás.
- Desenvolverse cada vez máis de forma autónoma na aula e no centro.
- Favorecer a confianza e as relacións das familias co centro.

Traballarase:

- Identificación da súa mestra e dalgúns compañeiros.
- Manipulación e experimentación dos obxectos persoais e da aula.
- Percepción das necesidades corporais e normas para satisfacelas pedindo axuda cando sexa necesario.
- Construción da orde temporal no transcurso das actividades diarias.
- Expresión das necesidades persoais.
- Utilización das formas socialmente establecidas para relacionarse cos demais: saúdos, despedidas e peticións.
- Coñecer os espazos e profesionais que traballan no centro escolar.
- Aceptación das normas establecidas para o funcionamento do grupo.

Estratexias metodolóxicas na aula e en casa

- Crear un ambiente cálido, acoledor e seguro.
- Establecer unha relación socio-afectiva entre o neno/a e o docente.
- Coidar os momentos de acollida e saída, recibíndoos de bo grado.
- A actividade base será o xogo libre e espontáneo cos outros nenos e nenas para favorecer así a comunicación, os hábitos, a interrelación...
- Pedirase á familia que reforce aqueles aspectos que sexan necesarios para a mellor adaptación do neno/a á escola.

Temporalización

O período de adaptación desenvolverase ao longo da primeira semana de curso entre as 10:40h e as 14:00h. (Este período será modificado se as características do alumnado así o requiren).

Distribución do horario escolar e incorporación paulatina do alumnado:

21

- No mes de xuño organizarase unha xuntanza xeral con todas as familias do alumnado que se vai a incorporar ao centro no curso seguinte no grupo de 4º de Ed. Infantil. Nela falarase da importancia da realización dun adecuado período de adaptación e das finalidades educativas que o xustifican. Tamén se darán unhas recomendacións para o verán, entre elas as directrices da Consellería de Educación, para que teñan información sobre o control de esfínteres, no caso de que haxa algún/ha neno/a que non o teña.
- No mes de setembro: Reunirase de novo ás familias para informalas dos horarios de incorporación á aula.

EDUCACION PRIMARIA

A finalidade da Educación Primaria será a de facilitar ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

Nesta etapa educativa as disciplinas a cursar serán:

- a) Ciencias da natureza.
- b) Ciencias sociais.

- c) Lingua galega e literatura.
- d) Lingua castelá e literatura.
- e) Matemáticas.
- f) Primeira lingua estranxeira: Inglés.
- g) Educación artística.
- g) Educación física.
- h) Relixión, ou Valores sociais e cívicos, a elección de pais, nais ou das persoas que exerzan a titoría legal.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dúas obxectivos e das competencias chave.

Potenciación da aprendizaxe por competencias e prestarase especial atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

As competencias chave que se terán en conta na etapa de Educación Primaria serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e teranse en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo/a e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Así mesmo, poñerase especial énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan axiña como se detecten estas dificultades.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento a todo tipo de violencia, en definitiva, o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Ao tempo fomentarase a responsabilidade do alumnado na súa formación e na súa autonomía.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso non conxunto das áreas.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das distintas disciplinas traballadas, serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliados que figuran na lexislación vixente.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado ás familias ou ás persoas que exerzan a titoría legal.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso deseñárase un conxunto de medidas e actuacións orientadas á superación das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer a adquisición das competencias.

Neste deseño o equipo docente fixará as aprendizaxes imprescindibles para seguir aprendendo e elaborarán instrumentos para a avaliación do alumnado con respecto a ditas aprendizaxes.

Para iso, os/as titores/as deseñarán un plan de traballo específico para ese alumno ou alumna, realizarán o seguimento do proceso de aprendizaxe deste alumnado e manterán informada á familia.

No plan, en base ás dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna e asesorados por orientación, proporanse, cando sexa pertinente, as medidas de atención á diversidade que mellor dean resposta ás dificultades de aprendizaxe detectadas. O profesorado especialista colaborará cos/as titores/as no deseño e desenvolvemento do plan de traballo.

Ao comezo de cada curso no mes de setembro a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, na avaliación inicial o punto máis importante é obter a maior información sobre o grao de desenvolvemento das competencias.

Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais dos cursos anteriores que se atoparán en cada un dos seus expedientes e a información obtida tras a xuntanza coas familias.

Analizaranse as causas polas que o alumno/a repite que poden ser diversas como: dificultade de aprendizaxe, traballo insuficiente, deficiencias intelectuais, pouco apoio por parte da familia..., e en función da que sexa ou das que sexan adoptaranse as decisións e accións oportunas.

Esta Avaliación Inicial será o punto de partida ou a referencia para adoptar as medidas máis adecuadas ao alumno/a. Orientación asesorará sobre a elaboración do plan e no seguimento do proceso de aprendizaxe.

VALORES OU RELIXIÓN

No momento da matrícula as familias notificarán se elixen a materia de valores ou se optan pola súa alternativa: relixión. No caso de que durante os anos de escolarización se desexe modificar a opción elixida, só se poderá facer por escrito.

CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os criterios de avaliación e promoción vixentes no centro son os aprobados en claustro e que se rexen polas ordes de avaliación vixentes para Educación Primaria (Orde do 23 de novembro de 2007) e Educación Infantil (Orde do 25 de xuño de 2009).

Ed. Infantil

Na etapa da educación infantil, a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación. A avaliación nesta etapa debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

As familias recibirán periodicamente a información necesaria sobre o progreso do alumnado, de xeito escrito trimestralmente e de forma persoal cando sexa necesario para facilitar unha coordinación adecuada no desenvolvemento do proceso educativo dos seus fillos/as.

A promoción á etapa de Educación Primaria poderá flexibilizarse de maneira excepcional no caso do alumnado con NEAE, prolongando un ano a estancia na etapa de infantil, e no caso do alumnado con altas capacidades intelectuais, anticipando un ano a incorporación á etapa seguinte.

Ed. Primaria

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, tendo en conta o seu progreso no conxunto das áreas e as necesidades do alumnado con NEAE, polo que se porá especial atención nas condicións e adaptacións das probas e procesos de avaliación.

Respecto á promoción do alumnado, ao final de cada curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, tomaranse as decisións pertinentes. A decisión de promoción de curso será adoptada polo equipo de mestres/as que imparten docencia ao alumnado e deberá ter en especial consideración a información e o criterio do titor ou titora. Isto decidirse na última avaliación do curso.

O alumnado accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. Accederase tamén ao seguinte curso cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso.

De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado de acordo co que estableza a Consellería competente en materia educativa. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Estas actividades estarán detalladas na PXA do curso, pero sempre terán que estar orientadas a favorecer o desenvolvemento intelectual e físico do alumnado, así como dar a coñecer a cultura, historia, características da sociedade que lle rodea. Estes fins conseguiranse principalmente con: saídas e charlas didácticas de diversos temas, visitas

a museos e exposicións, realización de obradoiros, asistir e participar en obras de teatro, participación en diferentes actividades físicas...

As Actividades Extraescolares serán non curriculares e voluntarias.

Dentro do horario lectivo celebrarase as seguintes conmemoracións: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido e Día das Letras Galegas. De todas estas actividades será informada toda a comunidade educativa.

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E CO ENTORNO

O CEIP de Refoxos potencia a interacción coa comunidade educativa curso tras curso:

- Poñendo á disposición do Concello ás instalacións do centro co fin de facilitar a organización de actividades tanto lúdicas como formativas destinadas ao enriquecemento de todos os integrantes da nosa comunidade educativa.
- Participando nas actividades culturais, lúdico-deportivas... que oferte o Concello (como institución e como termo) considerándonos membros activos do mesmo.
- Concertando coa dirección do CPI Manuel Suárez Marquier do Rosal propostas que pretendemos teñan continuidade no presente curso e nos sucesivos:
 - Contacto pedagóxico para intercambio das directrices didácticas de ambos centros intentando favorecer o paso do noso alumnado ao centro de secundaria ao que está adscrito.
 - Xornada de acollemento para o alumnado de 6º no último trimestre.

DOCUMENTOS DE REFERENCIA.

Este proxecto educativo de centro referenciará tamén aos seguintes documentos de xestión, que se revisarán e actualizarán oportunamente :

- Normas de Organización.
- Programacións Docentes.
- Programación Xeral Anual.
- Plan de Atención á Diversidade.
- Plan Lector.
- Plan de Convivencia.
- Proxecto Lingüístico.
- Plan T.I.C.
- Plan de Acción Titorial.

AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC.

Para que o PEC se converta nun elemento esencial, eficaz e útil para a organización, xestión, funcionamento do centro e necesario a súa revisión e actualización polo que cada tres anos, vistas as suxestións recollidas nas memorias, ou cando sexa necesario por mor de cambios significativos no seno da Comunidade Educativa ou na propia lexislación farase unha revisión e actualización do PEC sendo o cuarto curso o ano onde se establecerá o procedemento da súa revisión e a incorporación daquelas ideas de mellora que durante un trienio quedaran reflectidas na PXA.

O Proxecto entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Consello escolar. Este proxecto Educativo permanecerá no Centro a disposición de todos os membros da comunidade Educativa.

INFORME DO CLAUSTRO

En cumprimento do artigo 6º da Lei Orgánica 9/1995 do 20 de novembro polo que se ordena a elaboración do P.E.C. nos centros docentes, o Proxecto Educativo de Centro foi informado polo Claustro de Profesores en Sesión Ordinaria celebrada o día de de 2015

DIRECCIÓN

O día de de 2015, quedan aprobadas as modificacións e actualizacións correspondente do Proxecto Educativo de Centro que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

30

CONSELLO ESCOLAR CERTIFICACIÓN

En xuntanza ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrada o día de de 2015, avalíanse de forma positiva as modificacións e actualizacións correspondente do Proxecto Educativo de Centro que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

Refoxos a de de 2015

A DIRECCIÓN:

Asdo.: Nuria Abuín Carou